

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. VIRXE DA PENA DE SELA  
CURSO: 1º  
MATERIA: Educación Física.  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Actividade de repaso, reforzo e recuperación.	
B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
Nova materia	
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación será global e continua, tendo en conta o progreso do alumnado no conxunta das áreas.</p> <p>A avaliación dos contidos traballados durante o terceiro trimestre realizarase a través das tarefas enviadas ao alumnado por distintos medios, prestando especial atención ao esforzo nas actividades plantexados.</p>
	<p>Instrumentos: Análise e observación das actividades enviadas a través de imaxes, vídeos por distintos medios.</p> <p>Observación e valoración da participación e traballo desenvolvido.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a obtención da cualificación final da terceira avaliación teranse en conta as cualificacións acadadas na primeira e segunda avaliacións, tendo a posibilidade de mellorar esas cualificacións co traballo e esforzo realizado ao longo do trimestre.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	As actividades do terceiro trimestre compóñense de distintas rutinas de actividade física, traballo de investigación sobre os xogos e deportes tradicionais de Galicia; e presentaremos retos físicos relacionados con distintas destrezas, adaptación a ritmos...
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o noso alumnado conta con conectividade a Internet, e será a nosa principal vía de comunicación. Entregaremos distintas rutinas de actividade física e distintos retos que intentarán superar. O alumnado entregará vídeos ou fotos do traballo realizado ou dos retos superados.
<b>Materiais e recursos</b>	Para o desenvolvemento deste trimestre utilizaremos o blog de aula para achegar as tarefas ao alumnado e comunicarnos con el. Tamén utilizaremos sistemas de comunicación por mensaxes coma whatsapp, email... A maior parte das tarefas enviaranas en formato vídeo.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ás familias a través dos blogs do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.